

NOTA DE PRENSA

A psicoloxía deportiva estatal revisa o seu rol profesional os días 25 e 26 de novembro en Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016. Os días 25 e 26 de novembro terán lugar na sede compostelá do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia as IV Xornadas Estatais da Psicoloxía do Deporte. Un encontro organizado conxuntamente pola corporación galega xunto co Consejo General de la Psicología, que agrupa a todos os colexios do Estado e que por primeira vez se desenvolverán en Galicia.

Nesta edición o contido que centrará o encontro é o exercicio profesional da psicoloxía deportiva, dado que se trata dunha disciplina con cada vez máis recoñecemento e que, polo tanto, a súa esixencia e garantías de calidade deben ser maiores. Haberá distintas mesas de debate que abordarán temas como as competencias profesionais, as oportunidades laborais ou a lexislación implicada.

A conferencia inaugural correrá por conta da profesora da Universidade da Coruña, Milagros Ezquerro, doutora en Psicoloxía e profesora da materia Psicoloxía da Actividade Física e do Deporte. O psicólogo Enrique Cantón, profesor da Universidade de Valencia e director do Máster de Psicoloxía do Deporte e o Exercicio do Colexio Oficial de Psicólogos da Comunidade Valenciana, así como coordinador da División profesional de Actividade Física e do Deporte do Consejo General de la Psicología, reflexionará sobre a acreditación da especialidade en psicoloxía do deporte.

As propostas de lei da regulación profesión no deporte en España serán obxecto de debate por parte de Alejo García Naveira, psicólogo deportivo madrileño, que abordará en que estado se atopa e as perspectivas no plano xurídico. Pecharase a xornada do 25 de novembro coa mesa sobre o contexto internacional, presentada por Alex García-Mas, doutor en Psicoloxía pola Universidade de Barcelona e profesor na Universidade das Illas Baleares, membro da International Society of Sport Psychology e editor xefe da *Revista de Psicología del Deporte*.

Xa na mañá do sábado, a primeira das mesas centrarase nas competencias profesionais na psicoloxía do deporte, que presentará Eugenio Pérez Córdoba, profesor da Universidade de Sevilla onde dirixe o Máster en Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte. Á continuación, María Dolores González Fernández, coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e directora técnica da Federación Galega de Atletismo, achegará a última das mesas un balance coas inclusións máis relevantes destas xornadas.

Saúdos,

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal